

POEMAS PARA A XENTE MIÚDA

“Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno”

Consciente da ausencia total de poesía infantil e xuvenil en galego, Manuel María vai inaugurar o xénero en 1968 con *Os sonhos na gaiola*. A maior presenza do mundo rural nesta obra vai aparecer compensada en *As rúas do vento ceibe* (1979), o outro título de poesía para cri^{an}zas, onde os elementos da cidade son os protagonistas.

Aínda que son moitos os poemas de Manuel María apropiados para o público infantil, a sinxeleza da forma, a súa doada comprensión, a intencionada “inocencia” infantil e a súa grande musicalidade fixeron que estes dous títulos resultasen os máis emblemáticos e exitosos entre a xente miúda e, tamén, entre o profesorado que os segue a usar como material eficaz para aproximar o alumnado á querenza pola poesía, pola lingua galega, a natureza, os animais, os paxaros... e o coñecemento dos elementos do mundo próximo. A súa difusión aínda se incrementou máis ao seren musicados por numerosos grupos.

Sabedor da importancia da integración das novas xeracións na cultura galega, Manuel María puxo grande empeño en manter o contacto directo co público infantil

O meu burriño

Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

Corre, meu burriño,
non galopes, voa!
A ver se lle gañas
ao vento que zoa!

Arre, meu burriño,
non seas preguiceiro!
A ver se lle gañas
ao vento lixeiro...!

Corre, meu burriño,
nos cascos pon ás!
Se queres, ao vento
deixarás atrás...!

Arre, meu burriño!
Corre máis deprisa,
que, se perde o vento,
xa verás que risa...!

(*Os sonhos na gaiola*, 1968)



▲
Ilustración de Noemí López
para a última edición, a 14^a



▲
Manuscrito do poema
“A miña rúa”, do libro
As rúas do vento ceibe.
Ilustración de Xaquín Marín
para a última edición

A miña rúa

A miña rúa é moi longa
e está chea de bruidos
fai grandes e escaudolosos
que reventan os oídos.

A miña rúa é estreita
as casas todas iguais.
Non ten árbores nas aeras
nin tampouco sopertales.

Na miña rúa só hai sol
nin ventos nin choiva;
porvente a luz das farolas
co seu frío resplandor.

Na miña rúa trísitela
nin se oía ningún paxaro;
fíronse moitos perdidos
e vellos en desamparo.

Manuel Mariá

Beleza, amor e compromiso